


OS PASEADOS EN RIANXO

(1936-1939)



OS PASEADOS EN RIANXO (1936-1939)

1. A PARADEGUA – BURÉS - ASADOS
 - a. Francisco López Pérez “Fontevella”
 - b. Manuel Piñeiro Abeijón

2. AMAÑECIDA – PONTE BELUSO
 - a. José Ces Caamaño “O Lorcho”
 - b. Ricardo Vilas Quintáns

3. A BURATA - TARAGOÑA
 - a. José Somoza Piñeiro
 - b. Maximino somoza Piñeiro

4. O CASTRO – OURILLE – TARAGOÑA
 - a. Francisco Tubio Vicente “Chiquelo”

5. XANZA – VALGA
 - a. Andrés Dourado Ces “Quinote”

6. SAA – MEIXIDE – PALAS DE REI
 - a. Sixto de Aguirre Garín

7. BOISACA – SANTIAGO DE COMPOSTELA
 - a. Ramón Lojo Agrelo

8. NO FRENTE NO BANDOS NACIONAL
 - a. Juan Alcalde Rodríguez
 - b. José Benito Castro Castaño

OS PASEADOS EN RIANXO (1936-1939)¹

Neste apartado que titulamos *paseados*, recóllense uns apuntes biográficos das persoas que, polo simple feito de ter pertencido a un determinado partido político, sindicato, saír en defensa da República, ou mesmo porque así o decidira un falanxista calquera, foron nalgúns casos torturados dentro da cadea (situada nos baixos do Concello), incluso con mutilacións, para posteriormente seren *paseados*, como se foran “cans”. As malleiras e as persecucións no municipio foron constantes e implacables. Aos verdugos non lles importaba que os lamentos chegaran a oírse nos arredores do cárcere, ás veces pola propia familia.

Ese era un dos obxectivos da Falanxe, amparada polas forzas da Benemérita, amedrentar de paso á poboación. Non dubidaron neses casos en usar a forza bruta e as pistolas, feitos que non se deran en Rianxo nunca. O acontecido durante o período republicano non ten nada que ver con estas barbaridades, visto dende a nosa perspectiva parece que os galeguistas locais andaron a xogar a ser malos.

“Voz de la Falange.” -Con nosotros o contra nosotros. Nosotros somos España, ellos Rusia. Nosotros somos Falange, ellos judaísmo, masonería, marxismo...
Todavía bulle el enemigo en la retaguardia. Está en acecho y pretende mezclarse para mejor disimular sus aviesas intenciones. Vigila, desconfía.
Es fácil reconocerle. Habla siempre impersonalmente y tiene pronta la burla para lo más sagrado y respetuoso. Suyas son estas palabras que habrás oído mil veces:
“Dicen que...” “Ya veremos si...” Etc etc”
(El Pueblo Gallego, 18-12-1936)

Hai quen pensa que os perseguidores-executores eran membros da Falanxe dos pobos veciños, pero non sempre foi así. Coñécense casos nos que os verdugos proviñan da propia vila. Non eran moitos, pero estaban cheos de odio. Aproveitáronse das circunstancias para levar a cabo miséras vinganzas, algunhas persoais motivadas polas envexas. Poucas veces recolleron os corpos das súas vítimas, que abandonaban nas estradas ou nos montes, sen enterrar. Tan só nun caso, o de **Manuel Piñeiro Abeijón**, natural de Macenda-Boiro, que unha vez *paseado* na Paradegua (o 14 de agosto de 1936), preto de Asados, levaron o corpo pola mañá nunha camioneta e tirárono enfronte da casa de Xacobo, de Asados, moi preto do cemiterio, deixándoo “caer en alto en peso” na estrada, para logo lévalo nunha eskeira a enterrar, pero pasando primeiro pola caseta do cemiterio coa finalidade de facerlle a autopsia.

A frase pronunciada polo crego da parroquia nesa ocasión, fixo dubidar á xente sobre a súa humanidade, confundíndoos coas seguintes palabras: ¡aquí non me traiades máis xente desta a enterrar!. Para seu desgusto, terá que recibir outro cadáver un mes despois o do veciño de Taragoña “**Fontevella**” tamén *paseado* na Paradegua, esta vez por falanxistas coñecidos. Era o 12 de setembro de 1936.

Os executores tanto os da vila como os de fóra procuraban levar ao reo para matalo o máis lonxe posible. Non aconteceu nos casos de “**Fontevella**” dado que se enfrontara cos seus verdugos dentro do coche que o trasladaba; e do “**Lorcho**”, *paseado* o 8 de setembro moi cerca da Ponte Brea, a non moita distancia da súa casa. Pero acontecera con “**Quinote**”, *paseado* a noite do día anterior, 7 de setembro, nun camiño de Xanza, preto de Valga.

Sábese da participación nas redadas de ao menos dous gardas civís do posto de Rianxo, que obviaremos os seus nomes, pero que están na mente dalgúns. Unha, por aquela frase que se coñecerá entre os membros da Falanxe local, que dicía que un garda civil mataría a un dos



¹ Comoxo Rodríguez, Xosé; Santos Suárez, Xesús.

falanzistas se este se negaba a matar a “Quinote”; e outra na morte do “Lorcho”, onde os familiares recoñeceron a dous, como acompañantes dos falanzistas que o mataron.

O odio que posiblemente se acumulou no municipio durante a República, as envexas, as vinganzas persoais (como no caso de “Quinote”, salvaxemente mallado antes de ser rematado, e de José o de “Xixi”, que no intre de estar velando na súa casa a un meniño morto, mandaron saír á xente co pretexto de que aquilo era unha reunión clandestina), e o medo que se tentaba impoñer, non deberían ser motivos suficientes para tanta atrocidade, pero vaia se o foron. Tamén houbo algo máis, e iso está relacionado coa Falanxe de Boiro (acompañados por algúns de Taragoña) e a súa persecución levada a cabo contra os mozos da zona de Beluso relacionados cos acontecementos vividos nos primeiros días da sublevación nesa vila veciña, que chegou ao cumio coa morte violenta, no monte do Castro, de “Chiquelo”, que logo veremos.

Non se entende tanto asañamento e persecución, máxime tratándose, nalgúns casos, de amigos de xuventude.

Antes de pasar a comentar esas mortes (que serían máis se a casualidade e as intervencións do “da Viñiña”, non o evitara) e as súas vicisitudes, debemos indicar que houbo tres mortes de rianxeiros por vinganzas políticas, en terras afastadas, como foron as dos “Insua”, en Vigo, e a de Sixto de Aguirre, en Palas de Rei, que trataremos máis adiante con detalle no caso dos dous primeiros.

Recollemos, igualmente, as mortes en Rianxo de tres mozos forasteiros que tiveron a desgraza de seren asasinados, e os seus corpos soterrados en cemiterios do municipio (Asados e Taragoña).

Os paseados

Nome	Idade	Veciño	Lugar de paseo	Punto Km	Data Defunción	Enterrado en
Manuel Piñeiro Abeijón	31	Boiro	A Paradegua – Burés – Asados	AC -305 Km 9	14/08/1936	Cemiterio de Asados
Sixto de Aguirre Garín	34	Rianxo	Saá – Meixide - Palas de Rei	N – 547 Km 40	14/08/1936	
José Ces Caamaño “O Lorcho”	23	Taragoña	Amañecida – Ponte Beluso	AC -305 Km 18,6	08/09/1936	Cemiterio de Bealo
Francisco López Pérez “Fontevella”	34	Igrexa-Taragoña	A Paradegua – Burés - Asados	AC -305 Km 9	12/09/1936	Cemiterio de Asados
Andrés Dourado Ces “Quinote”	29	Rianxo	Xanza - Valga	N- 550 Km 95	07/10/1936	Cemiterio Carracedo - Valga
José Somoza Piñeiro	24	Boiro	A Burata - Taragoña	AC -305 Km 17	08/10/1936	Cemiterio de Taragoña
Maximino Somoza Piñeiro	22	Boiro	A Burata - Taragoña	AC -305 Km 17	08/10/1936	Cemiterio de Taragoña
Francisco Tubio Vicente “Chiquelo”	27	Rianxo	O Castro – Ourille - Taragoña	A 3 KM de AC -305 dirección Ourille	15/10/1936	Cemiterio de Taragoña
Ramón Lojo Agrelo	31	Taragoña	Boisaca – Santiago de Compostela	N – 550 Boisaca	23/02/1937	
Juan Alcalde Rodríguez	22	Rianxo	Na fronte, no bando nacional		??/11/38	Bezas – Terruel
José Benito Castro Castaño		Rianxo	Na fronte		??	
Ricardo Vilas Quintáns	40	Boiro	Bico de Mar – muíño da Arrimada (muíños de Romero)		02/09/1936	
Manuel Rañó Lorenzo	46	Rianxo	Piñeiro-Vilagarcía		01/10/1936	


Cadro resumo dos paseados en e de Rianxo

Nome	observacións
Manuel Piñeiro Abeijón	14-08-1936, na Paradegua-Burés (Asados), estrada a Padrón, natural e veciño da parroquia de Macenda (Boiro), de familia labrega, 31 anos, casado, con dous fillos pequenos.
Sixto de Aguirre Garín	14-08-1936, no lugar de Saa parroquia de Meixide (Palas de Rei), natural de Rianxo, residente en Santiago pero moi en contacto con rianxeiros, de 34 anos, solteiro, estudante de Medicina
José Ces Caamaño "O Lorcho"	08-09-1936, preto da Ponte Brea, parroquia de Bealo (Boiro), na estrada a Ribeira, natural e veciño de Taragoña (Rianxo), mineiro de Lousame, da C.N.T., casado, 23 anos, con dous fillos pequenos.
Francisco López Pérez "Fontevella"	12-09-1936, no monte da Paradegua (Asados-Rianxo), a poucos metros da estrada de Rianxo a Padrón, natural e veciño Taragoña, 34 anos, casado, catro fillos pequenos. Patrón dun barco de transporte de piñeiros, pertencía ao Sindicato.
Andrés Dourado Ces "Quinote"	07-09-1936, en Xanza (Valga), Pontevedra, natural e veciño de Rianxo, a súa familia posuía un estanco-taberna na vila, de 29 anos, solteiro.
José Somoza Piñeiro	08-10-1936, no lugar de Ourolo-Burata (Taragoña-Rianxo), natural de Escarabote-Lampón (Boira), mariñeiro, 24 anos, solteiro. das Xuventudes Socialistas do seu pobo.
Maximino Somoza Piñeiro	08-10-1936, "paseado" xunto con seu irmán, de 22 anos e tamén solteiro. das Xuventudes Socialistas do seu pobo
Francisco Tubio Vicente "Chiquelo"	15-10-1936, no monte de O Castro-Taragoña (Rianxo), nacido en San Carlos-Bos Aires. Volve cos seus pais a Rianxo. Casou en Bealo (Boiro), traballou de zapateiro, panadeiro, nas leiras; formou de patrullas de defensa da República, de 27 anos, viúvo, dous fillos.
Ramón Lojo Agrelo	23-02-1937, en Boisaca-Santiago, natural de Boiro e veciño de Taragoña, labrador, 31 anos, casado, dirixente da Sociedade Agraria <i>La Fraternidad</i>
Juan Alcalde Rodríguez	??-11-1938, asasinado por un dos xefes militares, en Bezas-Teruel, natural de Rianxo, 22 anos, solteiro, enterrado no cemiterio de Bezas-Teruel
José Benito Castro Castaño	Natural de Asados, casado, Desapareceu durante a guerra
Ricardo Vilas Quintáns	02-09-1936, preto do muiño da Arribada (muiños do Romero), en Bico de Mar, zona do río de Brea, de Cespón (Boiro). Natural e veciño de Cespón, campesiño e carpinteiro, duns corenta anos, casado. (Testemuño de familiar)
Manuel Rañó Lorenzo	Setembro de 1936 (Elíseo Fernández, Dionisio Pereira.- O anarquismo en Galiza). • 01-10-1936 ("Nomes e Voces", "Sangre anarquista") • 06-10-1936 (Gonzalo Amoedo, Roberto Gil.-Episodios de terror durante a Guerra Civil...) No lugar de Piñeiro (Vilagarcía), natural de Rianxo, residente no concello de Vilagarcía, militante campesiño da F.A.I.-C.N.T. do Sindicato de Campesiños de Cea-Vilagarcía, 46 anos, casado, con oito fillos.

1. A PARADEGUA – BURÉS



Francisco López Pérez “Fontevella”



Francisco López Pérez
("Fontevella")

Fillo de Rafael e Francisca, de 34 anos, casado con María do Carmen Carou Pereira (de Asados, á que tantas veces vimos vendendo rosquillas nas festas, “para ganar a vida”) e con catro fillos pequenos. Residía no lugar da Igrexa-Taragoña e dedicábase ao transporte de pinos por mar. Fora membro do “sindicato” e mostraba publicamente a súa ideoloxía de esquerdas. “Fontevella era un home faladeiro, pero sen fundamentos...”. Eses simples datos chegaban, ademais de “caerlle mal a alguén”: collérono os falanxistas coa desculpa de ir declarar ao cuartel da Garda Civil, pero o condutor seguiu camiño ata os montes da Paradedegua-Asados, onde será *paseado* a poucos metros da estrada e despois de ser golpeado con saña.

Era o 12 de setembro de 1936. Está enterrado no cemiterio de Asados.

Ninguén mellor que o seu fillo, Manuel López Carou, naquel intre de cinco anos, para falar desta trágica morte no ano 1999:

“Cando mataron a meu pai, era un día de moita choiva, éramos catro irmáns; o máis vello chámase José e tiña 9 anos; seguíalle Francisco que tería 6; despois eu (Manuel) e tamén unha neniña que morreu aos sete meses de nacer (morre o 10-1-1937, de “bronquista capilar”, segundo o informe médico que aparece na acta de defunción). Esta rapaza finou porque a nosa nai tiña o desgusto do drama familiar, como foi o de matarlle ao home e quedar viúva con catro nenos tan pequeniños. O médico dixérlle que tiña o leite envelenado por motivos do desgusto e que a nena morrera, dalgunha maneira, por este feito tan trágico o que motivou unha mala alimentación dela e de todos nós.

Meu irmán José, o maior vive en Madrid. Francisco vive en Taragoña na mesma casa onde vivía meu pai cando o levaron...

Meu pai era forte e defendíase ben, tanto para dar hostias como de palabra. O cura da parroquia deu malos informes del.. El estivera en Bos Aires antes, despois cando regresou formou unha familia con miña nai. Vivíamos en Taragoña, primeiro na casa da Cruz e despois cerca da igrexa. El traballou no mar, era patrón dun barco de transporte de piñeiros (que daquela tiña moita importancia na ría de Arousa a exportación que se facía desde Vilagarcía) e pertencía ao Sindicato.

Quince días antes de que o mataran, fóranlle petar á porta os falanxistas: unha noite chegaron á casa da Cruz e ao ver que ninguén lles abría, indagaron onde estaba a nosa familia. Un día unha veciña, da familia dos “do Piro”, foi avisar a meu pai á casa da igrexa (na que

vivíamos había uns días) de que tivera coidado porque os falanxistas estiveran máis dunha noite tratando de localízalo e que sería mellor que escapara, porque o ían matar. Nun primeiro momento meu pai colleu en serio o que se lle dicía e fíxolle caso, porque tamén miña nai lle estaba: vaite! escapa! vaite que che van matar!, entón recolleu algunhas cousas e botouse a correr cara ao porto para coller o barco e marchar a Portugal; pero... non ben andou un pouco camiño e deulle outra idea, tendo en conta que el non lle fixera dano a ninguén; el preguntábase que fixen eu para que me maten? non teñen por que facelo!, entón deuse volta para a casa e dixo que el non escapaba, porque non había motivos para fuxir.

Os falanxistas non tardaron en volver por el á nosa casa da igrexa, unha noitiña, coa desculpa de que tiña que acompañalos, que era unha cousa rápida e que non facía falta que se vestira, botáronlle a man... Insistíanlle en que só era para ir ao cuartel da Garda Civil de Rianxo a facer unha declaración, ou un informe (incluso lle dixeran que era por un asunto que lle interesaba e que non tiña importancia) e que logo o volverían traer... Miña nai non quería deixalo ir, entón os falanxistas apuraron o paso e metérono no coche á forza, bastante á forza, e miña nai seguiu detrás do coche correndo e chorando para que non o levaran. Non conseguiu nada; incluso nós, tan pequeniños como eramos, alarmémonos e comezamos a chorar.

Meu pai, ao ver que cando chegaron ao cruce da estrada non collían a dirección de Rianxo, como lle dixeran, senón que ían polo camiño de Araño, alarmouse porque se deu conta de que o estaban enganando. Comezou a defenderse, pero como os falanxistas non o daban atenazado, porque como dixen antes era forte e estaba desesperado, déronlle un golpe coa manivela do coche e deixárono mal ferido. Eu creo que a idea deles era de levalo lonxe, a outro concello, pero como seguía pelexando cando recuperou o coñecemento, decidiron parar na Paradegua (un sitio moi descampado) e alí, a pesar das súplicas de meu pai, que lles dicía que tiña catro fillos que ían morrer de fame, e incluso creo que houbo opinións distintas entre os falanxistas que empezaron a dubidar; pero un deles disque dixo: jeste deixádeme a min!, meu pai desesperado botoulle as mans á gorxa... pero déronlle un culatazo e matárono a tiros alí mesmo. Ao outro día alguén levou o seu corpo para o cemiterio de Asados, onde foi enterrado no camposanto..."

Non dubida Manuel á hora de culpar aos responsables do que lle pasou a seu pai: un deles o cura que daquela había en Taragoña; e outro un compañeiro de seu pai que estivera no "sindicato" e que dera malos informes del, "quizais para salvarse". Dos executores, aos que coñecía (especialmente a tres falanxistas), prefire non dicir nada.

Recordaba Manuel como nos anos cincuenta, cando estaba cumprindo o servizo militar, un capitán médico comentoulle que tiña malos informes del. A súa contestación foi clara e rotunda, para sorpresa do militar:

"¡Por culpa dese cura mataron el tronco, y ahora quieren cortar las ramas, pero le va a costar trabajo... no hay cojones de cortar esas ramas...!"

Manuel Piñeiro Abeijón

De 31 anos, natural de Macenda-Boiro, casado con Carmen Piñeiro Bermúdez e con dous rapaciños. Foi *paseado* na Paradegua-Burés (Asados) o día 14 de agosto de 1936. Levárono a enterrar ao cemiterio de Asados. Antes, un bo número de veciños foron velo á caseta, onde estaba depositado para facerlle a autopsia. Unha veciña, a señora Peregrina "a Cartagena", veu ao morto nun estado tan lamentable que, ao quererlle arrombar a cabeza, quedáronlle as mans cheas de sangue; estaba desfeito;

"Tiña buratos na cabeza dos tiros que lle deron. Eu quería lle compoñer a cabeza, limparlla co mandil e poñerlle un ladrillo debaixo, porque tiña caída e a nuquiña desfeita das balas..."


A PARADEGUA- BURÉS

Francisco López Pérez "Fontevella"
Manuel Piñeiro Abeijón

Rianxo, A Coruña

- 42°41'43.2"N 8°45'36.2"W
- 42.695322, -8.760058A
- M6WQ+4XG Burés

Estrada AC -305, Km 9



Localización aproximada do lugar onde apareceron os corpos dos paseados

2. AMAÑECIDA – PONTE BELUSO



José Ces Caamaño “o Lorcho”



José Ces Caamaño “o Lorcho”

“O Lorcho”, segundo era coñecido popularmente, sobrenome que lle puxera de neno o crego de Taragoña polo feito de ser fillo de solteira (de Aurora Ces Caamaño, do lugar de Ourolo), e tendo en conta que o suposto pai (que emigrara a Cuba) era de Rianxiño-Rianxo, e polo tanto “pesco”.

Tiña 20 anos cando casou con Dorinda Lorenzo Otero², unha muller que gañaba a vida vendendo peixe polas aldeas da comarca. Ces Caamaño era de carácter alegre e “aturuxaba ben”, aínda que algo confiado, ignorante do que máis tarde lle acontecería. Gañaba a vida no mar cunha dorna, que co paso do tempo abandonaría na mallante para incorporarse ao servizo militar, no Jaime I. Á volta, comprou un barco e dedicouse ao transporte de piñeiros a Vilagarcía, entre outros portos. Posteriormente, comezou a traballar de peón nas minas de volframio de San Finx, a onde ía en bicicleta (na compañía do seu veciño, coñecido por Tapoira, “que o pai del era irmán de Saavedra”) e logo, cando lle rompeu, andando todos os días desde a súa casa de Ourolo-Taragoña.

Nas minas afiliouse, ao igual que os compañeiros, no “sindicato” (CNT). Nada máis comezar a guerra civil, e por motivos dos disturbios que se mantiveron cos militares na comarca da Barbanza, os mineiros decidiron cortarles o paso, se viñeran de Santiago con dirección a A Pobra do Caramiñal e Ribeira, e para iso, con bombas rebentaron unha das arcadas da ponte de Beluso. Foron culpados os mineiros desa zona, entre eles, Celestino Horta, José Saavedra e

² Tivemos ocasión de entrevistala, cando tiña 86 anos, e por ese motivo tamén sabemos algo da súa triste historia:

“Eu fun 38 anos co peixe, coa cesta á cabeza ata chegar a Aldariz. Nunca cobramos nada do Axuntamento, nin eu, nin os meus fillos. Tampouco lle pedín nunca nada, [a coa cesta de peixe ata a montaña para vender e traía millo en espigas, pan ou fariña e ovos. Cando facía falta outra cousa na casa vendía o millo para comprar o que necesitaba e senón cocía pan, bolos, empanadas, e miña sogra axudábame no que podía. Ás veces ía ela á praza polo peixe para eu lévalo ás aldeas da montaña. Miña sogra (Aurora Ces) traballaba terras de fóra e tiña unha vaca. Ten labourado moito a pobre muller ¡Moito!. Cando me mataron o home tiña dous fillos pequeniños (José, de 4 anos, e Francisco duns meses), xa eu andaba vendendo peixe polas montañas, pero eu dinlles escola. Cando casamos, aínda o meu home non fora ao servizo militar. Despois de que marchou, eu empecei co trato do peixe porque me levou unha prima del. Comezaba en Aldariz e ía ata Xestoso e posteriormente seguía ata Aguasantas ou onde acabase; e ela empezaba por riba de Ardeleiros e acababa en Bousón (?). Despois comezamos a ir polas aldeas da zona de Padrón, íamos no luns e regresábamos á casa no sábado, pero xa era nos últimos tempos”.

o noso protagonista, pero sen probas suficientes. Non importou. Tiveron que escapar rapidamente aos montes dos lugares próximos

“O Lorcho” andou fuxido polos montes de Bealo, “por aí adiante”, ou, ás veces, na casa dun parente. De vez en cando, pola noite, aparecía no domicilio para durmir un pouco. Nunha desgraciada ocasión, como foi a morte dun parente, achegouse á casa dos sogros para asistir ao velorio, onde o viu un veciño que tivo a maldade de poñelo en coñecemento da Garda Civil e dos falanxistas de Rianxo.

Na mesma noite despois do enterro alá se foron á caza e captura do perseguido. Rodearon a casa do defunto, e despois de mirar portados os currunchos (incluso, con lanternas, miraron nun laranxeiro moi grande que estaba preto da vivenda), non o atoparon. Eran sobre as catro da mañá, e en vista do fracaso, seguiron en coche con dirección á casa “de alá, xunto onde é hoxe a Casa de Pachín”, en Ourolo, onde deron con el.

Así nolo contou a súa viúva no ano 2000:

“A meus irmáns non lles deu tempo de avisamos, porque os asasinados levaban un coche, propiedade do crego de Rianxo. El estaba durmindo. A casa tiña na entrada un piso cativo, coas táboas vellas, despois había un medianil... Cando petaron á porta ergueuse da cama a toda présa e levantou unhas madeiras que xa tiña descravadas e baixou directamente a unha corte para agacharse deles. Os falanxistas remexeron toda a casa buscándoo e como no o encontraron baixaron á corte e alí xa o pillaron. Eles só dicían: A ver, ¿onde está ese? Mirade todo ben que ten que aparecer... Lavárono agarrado cara a carreteira onde tiñan o coche esperando.

A nós non nos dixeron nada. Os meniños espertaron co rebumbio e comezaron a chorar. Miña sogra e máis eu suplicámoslles que o deixaran. Cando vimos que o sacaran, saímos a fóra para ver por onde colleran...”

De nada lle valeu que se escondera na corte, collérono serían as cinco da mañá, levándoo arrastras ata un coche que os esperaba, moi preto. A súa muller comezou a chorar e a gritar, ao mesmo tempo que corría detrás deles, sen lograr darlles alcance. Para súa desgraza e da familia, nada máis chegar á estrada non tardou en escoitar os tiros traidores, “alá contra a Ponte Beluso”, que acabaron co seu home. O “martirio” aconteceu a un quilómetro e medio da súa casa, na estrada con dirección a Ribeira, e moi preto da Ponte Brea (á altura da “taberna do Demo”).

A señora Dorinda tivo que seguir correndo, ata que o encontrou morto. A un dous seus fillos (José, de 4 anos) alguén o levou ás cachapernas:

“Aínda hoxe non sei quen me levou ata o lugar do crime. Nunca puiden esquecer a estampa de meu pai morto. Quedoume gravada para sempre na mente aquela visión do sangue corréndolle polo peito. Foi para min un medo que me quedou no corpo; unha especie de trauma do que nunca puiden liberarme”.

A partida de defunción recolle que “o Lorcho” morreu de “hemorragia interna producida por arma de fogo”, o 8 de setembro de 1936, “después de las cinco horas”. O cadaleito do desafortunado levárono para o depósito do cemiterio de Bealo para enterrar na terra do citado camposanto (“na esquina da igrexa, na parte de arriba”).



José Ces Caamaño “o Lorcho”³

³ <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/11889/>

A noite que sacaron a José Ces da casa, os cans do capelán Don Vicente, veciño deles, non paraban de ladrar. O feito de que estivera nese intre “no balcón, cun sorriso e batendo as mans para que calaran os animais...”, non lle gustou á familia do defunto.

O crego, de tendencia fascista, “non parecía mala persoa, pero estaba mal aconsellado na casa pola súa familia”.

En canto ao párroco de Taragoña, Don Antonio Neo, que dera malos informes do finado, procuraba non acercarse á señora Aurora, nai do “Lorcho”, xa que a muller acabaría por reprocharlle a súa conduta e chamarlle “orellas de burro”. Inclusive deixou de ir á igrexa da parroquia, e si á de Bealo.

A infortunada viúva quedou coa sogra e tivo que seguir vendendo peixe, andando e coas cestas á cabeza, durante un bo número de anos. Desá maneira, e coa súa axuda, puido quitar aos rapaces adiante.

Ricardo Vilas Quintáns

Natural e veciño de Treites-Cespón, Boiro, campesiño e carpinteiro, de 42 anos, casado morto o 02-09-1936, preto do muíño da Arribada (muíños do Romero), en Bico de Mar, zona do río de Brea, de Cespón (Boiro)..
(Testemuño de familiar)



Localización aproximada do lugar onde apareceron os corpos dos paseados


3. A BURATA



José e Maximino Somoza Piñeiro

Estes dous irmáns, o primeiro de 24 anos e o segundo de 22, de oficio mariñeiro, solteiros e naturais de Lampón-Escarabote, fillos de Fidel Somoza e Rosa Piñeiro, pertencían ás Xuventudes Socialistas do seu pobo. Foron *paseados* no lugar de Ourolo-Burata (Taragoña) “a las 3,30” do día 8 de outubro de 1936. O seu caso foi do máis dramático: primeiro fusilaron a un deles na mesma estrada, caendo o seu corpo, a tombo, debaixo dunha viña; despois ordenáronlle a seu irmán que o fose atender, e por detrás recibiu varios tiros traidores. En expresión dunha velliña do lugar de Beluso, os dous “foron crucificados a tiros”. Están enterrados no cemiterio de Taragoña.

“Dichos cadáveres aparecieron en el kilómetro 18 de la carretera general de Padrón a La Puebla, y a la distancia de esta como unos ocho metros, el día 8 de Octubre”.



A historia por Antón Rodríguez Gallardo na “La Voz de Galicia do 28 de febreiro de 2020”⁴, A derradeira viaxe dos irmáns Somoza Piñeiro.

⁴ https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/boiro/2020/02/28/span-langgl-derradeira-viaxe-dos-irmans-somoza-pineirospan/0003_202002B28E2991.htm.

Tras ser mallados no xulgado de Boiro, acababan mortos nunha paraxe de Taragoña, no outono do 36.

Con data do 8 de outubro de 1936 eran anotadas no rexistro civil de Rianxo as mortes de José e Maximino Somoza Piñeiro, irmáns e veciños do núcleo boirense de Escarabote, de 24 e 22 anos de idade. Os seus cadáveres apareceran nunha paraxe de Taragoña, apenas separados uns metros. En ambos casos, indícase que a causa do falecemento foi unha hemorraxia interna, sen máis, obviando que a hemorraxia se orixinara polos disparos dunha arma de fogo.

O dobre crime coincidía cos momentos iniciais da represión promovida pola Junta de Defensa Nacional, que gobernaba o territorio dominado polos militares sublevados contra a República no mes de xullo, ou Zona Nacional, e que en Boiro provocara xa asasinatos como os de Santos Ruíz, veciño de Cabo da Cruz, de 18 anos; Manuel Piñeiro, de Belles (Macenda), de 31, ou Ricardo Vilas, veciño de Treites (Cespón), de 42.

VENRES, 28 DE FEBREIRO DO 2020 A VOZ DE BARBANTIA LA VOZ DE GALICIA 02

A derradeira viaxe dos irmáns Somoza Piñeiro

Tras ser mallados no xulgado de Boiro, acababan mortos nunha paraxe de Taragoña, no outono do 36

ANTÓN RODRÍGUEZ GALLARDO

Con data do 8 de outubro de 1936 eran anotadas no rexistro civil de Rianxo as mortes de José e Maximino Somoza Piñeiro, irmáns e veciños do núcleo boirense de Escarabote, de 24 e 22 anos de idade. Os seus cadáveres apareceran nunha paraxe de Taragoña, apenas separados uns metros. En ambos casos, indícase que a causa do falecemento foi unha hemorraxia interna, sen máis, obviando que a hemorraxia se orixinara polos disparos dunha arma de fogo.

O dobre crime coincidía cos momentos iniciais da represión promovida pola Junta de Defensa Nacional, que gobernaba o territorio dominado polos militares sublevados contra a República no mes de xullo, ou Zona

Nacional, e que en Boiro provocara xa asasinatos como os de Santos Ruíz, veciño de Cabo da Cruz, de 18 anos; Manuel Piñeiro, de Belles (Macenda), de 31, ou Ricardo Vilas, veciño de Treites (Cespón), de 42.

Sen máis significación política ou sindical que a súa filiación a unha sociedade obreira, non sabemos se da UGT ou da CNT, os irmáns Somoza Piñeiro eran uns de tantos humildes traballadores aveciñados no populoso, mariñeiro e esquerdista núcleo de Escarabote, onde vivían coa súa nai, viúva e xornaleira, e dous irmáns menores, de 16 e 13 anos.

Coa súa mocidade e no contexto do momento é fácil imaxinalos, en cambio, integrando unha das partidas de milicianos que, baixo a dirección do comité de defensa da República, organizado en Boiro a instancia

do Goberno Civil como reacción ao golpe de Estado de xullo, exerceran un estrito control sobre as persoas sospeitosas de conivencia coa rebelión militar. Así o fixera o seu irmán maior Juan, de 26 anos, condenado a posteriori pola xustiza militar franquista a 15 anos de prisión.

Instigador

Segundo nos testemuñou Moncho Somoza, fillo de Juanito o Chono, alcalde socialista na fin da República, despois de quedar sometido o concello de Boiro á autoridade dos partidarios do golpe de Estado, un mozo de Escarabote dunha acomodada e influente familia —que sufrira especialmente a actuación dos milicianos do referido comité— instigou a detención e represión dos seus veciños José e Maximino.

Baseándose no relato dun fa-



O xulgado de Boiro atopábase neste inmoble de Cimadevila

lanxista arrependido —tal vez testemuña directa do sucedido—, Moncho Somoza contábanos que, tras recibir unhas brutais malleiras no funesto xulgado boirense que se atopaba en Cimadevila, os irmáns Somoza Piñeiro foron obrigados a embarcar nun coche en compañía de varios falanxistas e, ao menos, un garda civil, marchando de Boiro con dirección a Taragoña. E que, unha vez na entrada desta localidade, fixéronos baixar do vehículo e camiñar por unha pista.

Os dous ían coas mans amarradas ás costas e atados un ao outro polos codos.

A pesar de que o instigador da represalia parece ser que aca-

bara arrependíndose, non puido convencer a algúns dos que o acompañaban e evitar o asasinato dos seus veciños.

Atravesado polas balas do fusil do garda civil, José era o primeiro en caer. Maximino, que presa do pánico se deslagara das ataduras que o unían ao seu irmán, escapou a correr, caendo ao chan uns metros máis adiante, desequilibrado ao saltar o muro dunha viña. Alí mesmo recibiría os disparos mortais da pistola dun dos falanxistas.

Abandonando os cadáveres naquela paraxe de Taragoña, a criminal partida regresaba a Boiro para, amparada por unha total impunidad, continuar coa represión.

Sen máis significación política ou sindical que a súa filiación a unha sociedade obreira, non sabemos se da UGT ou da CNT, os irmáns Somoza Piñeiro eran uns de tantos humildes traballadores aveciñados no populoso, mariñeiro e esquerdista núcleo de Escarabote, onde vivían coa súa nai, viúva e xornaleira, e dous irmáns menores, de 16 e 13 anos.

Coa súa mocidade e no contexto do momento é fácil imaxinalos, en cambio, integrando unha das partidas de milicianos que, baixo a dirección do comité de defensa da República, organizado en Boiro a instancia do Goberno Civil como reacción ao golpe de Estado de xullo, exerceran un estrito control sobre as persoas sospeitosas de conivencia coa rebelión militar. Así o fixera o seu irmán maior Juan, de 26 anos, condenado a posteriori pola xustiza militar franquista a 15 anos de prisión.

Instigador

Segundo nos testemuñou Moncho Somoza, fillo de Juanito o Chono, alcalde socialista na fin da República, despois de quedar sometido o concello de Boiro á autoridade dos partidarios do

golpe de Estado, un mozo de Escarabote dunha acomodada e influente familia -que sufrira especialmente a actuación dos milicianos do referido comité- instigou a detención e represión dos seus veciños José e Maximino.

Baseándose no relato dun falanxista arrepentido -tal vez testemuña directa do sucedido-, Moncho Somoza contábanos que, tras recibir unhas brutais malleiras no funesto xulgado boirense que se atopaba en Cimadevila, os irmáns Somoza Piñeiro foron obrigados a embarcar nun coche en compañía de varios falanxistas e, ao menos, un garda civil, marchando de Boiro con dirección a Taragoña. E que, unha vez na entrada desta localidade, fixéronos baixar do vehículo e camiñar por unha pista.

Os dous ían coas mans amarradas ás costas e atados un ao outro polos cábados.

A pesar de que o instigador da represalia parece ser que acabara arrepentíndose, non puido convencer a algúns dos que o acompañaban e evitar o asasinato dos seus veciños.

Atravesado polas balas do fusil do garda civil, José era o primeiro en caer. Maximino, que presa do pánico se desligara das ataduras que o unían ao seu irmán, escapou a correr, caendo ao chan uns metros máis adiante, desequilibrado ao saltar o muro dunha viña. Alí mesmo recibiría os disparos mortais da pistola dun dos falanxistas.

Abandonando os cadáveres naquela paraxe de Taragoña, a criminal partida regresaba a Boiro para, amparada por unha total impunidade, continuar coa represión.

AMAÑECIDA – PONTE BELUSO
José Ces Caamaño "O Lorcho"

Boiro, A Coruña

- 42°40'58.4"N 8°50'52.0"W
- 42.682895, -8.847771
- M5M2+5V5 Benibás

Estrada AC -305, Km 18,6



Puntos no mapa para a localización aproximada do lugar onde apareceron os corpos dos paseados

4. O CASTRO – OURILLE – TARAGOÑA

Francisco Tubío Vicente “Chiquelo”

Francisco Tubío Vicente, "Chiquelo", era un mozo de 27 anos moi coñecido entre a xuventude rianxeira por ser un bo xogador de fútbol. Saíu da súa vila para casar en Bealo con María Triñanes Resúa, unha moza que morre ao pouco tempo. El fíxose cargo dos seus fillos pequenos (José e Benigno).

Nacera na Arxentina (cando os pais residían en San Carlos-Bos Aires, en 1910, onde tamén naceu seu irmán Eduardo)⁵. Era fillo do zapateiro Francisco Tubío Sestelo (natural de Santa Cristina de Barro-Noia, 1885) e de Rita Vicente Collazo, "a Rixota" ("vendedora de verduras" de Rianxo). Cando volven da emigración, a familia estableceuse nunha casa situada no Cabo da Vila. O pai seguiu co seu oficio de zapateiro nunha casiña que estaba de par da "do Cubano", enfrente da igrexa; aquí tiveron dous fillos máis (Domingo e Andrea).

A Josefina Rodríguez preguntámoslle o seguinte sobre "Chiquelo":

-¿Onde tiña casa en Rianxo?


-El vivía na casa dos seus pais, na praza da Igrexa, ao lado da do "Cubano", nunha casa que xa non está. Alí traballaba seu pai de zapateiro e súa nai, a señora Rita, vendía verduras e todo iso...

-A nai ¿chamábase Rita?

-Si. Do pai non me acordo o nome; acórdome, iso si, como vos dixen, que traballaba alí na súa casa de zapateiro.

"Chiquelo" aprendeu o oficio do pai, que abandonou unha vez casado. Logo tivo que traballar onde puido, de zapateiro en Boiro, de panadeiro... e nas leiras. Xogaba moi ben ao fútbol, na U.D. Rianjesa, sendo un dos máis destacados.

Se houbera que buscar os "motivos" polos que os falanxistas, especialmente de Boiro, andaron na súa busca ata matalo no monte do Castro-Taragoña, definitivamente compre dicir



⁵ Eduardo Tubío Vicente (1909) casou en Rianxo o 24-11-1932 con Ester Alcalde Erosa.

que teñen relación cos acontecementos vividos na zona boirense nos primeiros intres do alzamento militar, principalmente a partir da marcha da Garda Civil da vila, e unha vez que se organizaron partidas armadas, requisa de alimentos e armas, explosivos e voaduras de pontes. Debido ao seu afán por defender "o pan dos pobres" e a República, algúns excedéronse no seu cometido, tal como aconteceu cos distintos asaltos á casa do médico, comercios, reitorais (Boiro e Abanqueiro), ecétera.

As testemuñas afirmaron que "Chiquelo" estivera no medio dalgunha desas escaramuzas (non participa nas revoltas mineiras de Noia e Coruña), como o asalto a casa reitoral de Abanqueiro e a voadura da ponte de Beluso; tamén andou facendo gardas na vila de Boiro, onde ao parecer se apoderou dunhas zapatillas nunha zapatería (do que non hai constancia escrita; pero si será recoñecido por algún veciño). Fose certo ou non, quedou "fichado". Eses foron os seus "delitos", que deseguido estudaremos con detalle. Tomado Boiro, o 26 de xullo, polas forzas do Exército, "Chiquelo" comezará a ser perseguido polas forzas represoras, que non só o buscan a el na zona de Beluso, senón a un bo número de mozos (entre eles José Romero Rial "a Navallas", Celestino Horta, José "o Lorcho" e José Saavedra).

Acostumaba agacharse nas aldeas de Cochumelo e Ourille, lugares bastante recónditos. Así andou durante case tres meses, ata que os asasinados, uns doce ou quince falanxistas ("ben cativos e malos"), recibiron un aviso duns veciños de Bealo, e incluso algúns de Ourille, cando o virón pasar unha tarde polo monte do Castro. Non lles resultou difícil localizalo na mesma tardiña do 15 de outubro de 1936, e menos acabar con el.

Conta Juan Miguéns, veciño de Taragoña, que había poucos días que xogara con el ao fútbol no Castro de Ourille, na compañía doutros mozos de Beluso. "Unha pesca de Rianxo leváballe de comer ao monte cando ía vender peixe pola aldea e lle daban boroa e touciño".

Unha vez cometido o asasinato, os autores, na súa retirada, atopáronse cuns veciños que viñan do estrume e díxéronlles:

¡Ide enterrar ese can que está morto aí arriba no monte!

Non foi necesario, xa que ao pouco chegou a familia. Foi enterrado ao día seguinte no cemiterio de San Salvador de Taragoña:

"En el cementerio parroquial de Taragoña a 16 de octubre de 1936, se dio sepultura al cadáver de Francisco Tubío Vicente, viudo de María Triñanes Resúa, de 27 años de edad, natural de la Argentina y vecino de Cespón, hijo de Francisco Tubío Sotelo y Rita Vicente Collazo, que apareció muerto ayer en el Castro-Ourille, se le hizo el oficio de sepultura..."

(Antonio Neo, crego de Taragoña)

Como temos indicado, en Boiro e puntos próximos numerosos grupos de individuos dedicáronse nos días dos "sucesos revolucionarios" a cometer actos "de este carácter", tales como requisas nos domicilios de "personas de orden", de armas, voadura de pontes, coa finalidade de impedir o paso das tropas que "pudieran ir a liberar aquel término". Eles tiñan a seguridade, como así o dixeron, de que andaban defendendo o pan dos pobres. Neses feitos destacaron un bo número de mozos; entre eles, Cándido Hermo Outeiral, José María Lorenzo Mirón, Nicolás Pérez Piñeiro, Vicente Silva Somoza, Ricardo Vilas, Alejandro Silva Triñanes, Manuel Tubío Piñeiro, Luciano Vázquez Somoza, Andrés Vilanova García, José Saavedra García e Francisco Tubío Vicente (a) "Chiquelo".

Os feitos polos que serán perseguidos e xulgados foron os seguintes:

Asalto á casa do crego de Abanqueiro

O nome de Francisco Tubío Vicente "a Chiquelo", aparece como un dos integrantes dun camión que saíu da zona de Beluso, o día 22 de xullo de 1936, cargado de mozos armados, coa intención de asaltar a casa do crego de Abanqueiro. Polas aldeas dicíase que os socialistas andaban a recrutar homes "para llevarlos al frente". Entre outros que tamén ían no citado

camión están José Saavedra, que parecía levar a voz cantante, Alejandro "do Salتيño", Luciano Vázquez, Manuel "de León", un tal Nicolás, Vicente Silva, Antonio Martínez Ferreirós e Ricardo Vilas (Causa 483/37. Arquivo *Regional Militar del Noroeste*, Ferrol).

A dicir do garda civil Edelmiro Calvo Quiroga, encargado do destacamento de Boiro, o crego de Abanqueiro, Don Manuel Davila García, denuncia en abril de 1937 o asalto á súa casa meses despois de acontecer; segundo el, presentárase un grupo de homes armados "llamando violentamente a la puerta, y como tardaron en abrir para dar tiempo a que su hermano (político) Benigno Toucedo que se hallaba refugiado en casa por ser de ideas fascistas (...) haciendo la turba varios disparos de los que resultó herido (...) al ver que no le abría empezaron a dar voces de (poner) bombas que derribamos el edificio, entonces se asomó a la ventana su hermana Francisca y en el momento se destacó del grupo Cándido Hermo Outeiral, vecino de Boiro, apuntándole con una escopeta le dijo que echara la llave sino que ya caía allí mismo..."⁶.

Os nomes dos asaltantes foron delatados polas interrogadas Luisa e Carmen Ordóñez Silva, mozas de Abanqueiro, que os viran cando se acercaron "hacia la playa para pasar por junto dellos que es el camino que hay pero con el único objeto de enterarse de lo que ocurría, al llegar junto al edificio de dicho Señor vieron a muchos hombres armados, reconociendo entre ellos a Cándido Hermo, Luciano (a Marreiro), Andrés Vilanova y un tal R. de Camba, diciéndole al Andrés que para qué hacía aquellas cosas, contestándole que andaban defendiendo el pan de los pobres". A partir de aí comezarán outros interrogatorios, esta vez contra os mozos citados e outros.

Andrés Vilanova García, veciño de Nine-Cespón, mariñeiro de 29 anos, declara:

"Que el 22 de julio de 1936 se hallaba en Cespón con varios compañeros y le dijo José Saavedra, que era el que los dirigía, que montase en el camión que venían a Boiro por gasolina, al llegar a dicho pueblo y después de provistarse de esencia, montaron otro grupo armado y arrancaron para Abanqueiro, y al llegar a este pueblo se apearon e inmediatamente rodearon la casa del Señor Cura, reconociendo entre los que iban en el grupo a un tal Alejandro del Salتيño, a José María Lorenzo (a Roxo), a Luciano Vázquez y Manuel de León, vecino de Treites (Boiro). (...) de qué clase de arma iba provisto y si sabe quién hizo los disparos en casa del Señor Cura dice que de Boiro salió sin ninguna y en Abanqueiro le entregaron una escopeta, los disparos los oyó pero ignora quién los hizo, porque se quedó en el camino y no penetró en la finca que fue donde aquellos tuvieron lugar. (...) Preguntado diga qué hizo del arma que le entregaron, manifiesta que desde el referido Abanqueiro vinieron a Boiro y la entregó en el Ayuntamiento".

A irmá do crego, Francisca Davila, solteira, manifiesta que cando as turbas asaltaron a casa, ao chegaren, saíu á ventá "a decirles que se calmasen y viniesen con orden que ella les saldría a abrir la puerta, que entre tanto se destacó del Grupo Cándido Hermo que le dijo a la dicente que si no habría enseguida la puerta ya caía allí mismo (...) Que al ir la dicente a abrir la puerta miró antes por la cerradura viendo a dos desconocidos apuntando a la puerta y al decir uno al otro "dispara" la dicente se tiró por una ventana..."

Pola súa parte, Francisco Silva Piñeiro, canteiro, de 43 anos, natural de Abanqueiro, declara coñecer a un dos implicados, Cándido Hermo, e que:

"A eso de la media tarde pasó por la carretera, que está a unos cien metros de la casa, un camión conduciendo individuos con armas, que de estos, se apearon unos cuantos en un monte próximo a dicha casa, distante unos cien metros, llamado monte Seán, o mejor dicho todos los Individuos que iban en el coche, se apearon en dicho monte, cuyo coche se veía dónde estaba el que declara. Que entre la casa de Cándido Hermo en que trabaja el que declara y la del Sr. Cura de Abanqueiro hay una distancia de quinientos metros. Que a poco tiempo de esto, es decir, que calcula que tenía el tiempo necesario para llegar a la casa del Sr. Cura, oyó detonaciones de

⁶ Causa 483/37, abril de 1937. Arquivo Regional Militar del Noroeste, Ferrol.

arma de fogo, en cuyo momento se marchó a la casa donde trabaxaba, escondiéndose en unos tojales..."

O principal encausado polo delito de rebelión militar será o citado Cándido Hermo, solteiro, labrador, de Boiro, "este individuo es peligroso, siempre se acompañaba de los sujetos más significados que había en esta localidad". Sobre el, podemos ler o seguinte:

"Resultando que el procesado paisano Cándido Hermo Outeiral, de ideología marxista, al iniciarse el movimiento Nacional plenamente identificado con la causa rebelde y con el propósito de colaborar en la misma se unió voluntariamente a un grupo numeroso armado y provistado de una escopeta concurrió con aquel al asalto de la casa rectoral del Sr. Cura Párroco de Abanqueiro y al llegar allí apuntó con el arma que portaba a la hermana de aquel, coadyuvando con los demás en las violencias para que se abriese la puerta que una vez franqueada proporcionó paso a los revoltosos para registrarle la casa del Sr. Cura al que requisaron un arma como así mismo dinero"

De pouco lle valeu a defensa que del fixo o capitán de Enxeñeiros, José Cancelo Paz, defensor de Cándido, quen dixo:

"Encontrándose mi defendido en compañía de los ya nombrados, oyeron una voz que decía: "Ahí vienen" refiriéndose a los socialistas. En efecto: al oírse esta voz, como voz de alarma para los ciudadanos pacíficos, se escondieron para no ser vistos, al igual que los polluelos se esconden debajo de la gallina al divisar al Gavilán. En este momento, pasó por la carretera de Boiro, un camión, portador de gente de la más baja calaña, de podredumbre, pudiéramos decir; de seres convertidos en alimañas; algunos de los ocupantes de dicho camión, posiblemente iban obligados, haciéndolos responsables de sus fechorías, de sus instintos salvajes, como si en efecto lo fuesen. Pronto se enteraron de que se habían dirigido a Abanqueiro, para apoderarse de las armas que tuviese el Sr. Cura de dicha parroquia y de lo que encontrasen a mano..."

(...) Nos hallamos ante un hecho que no es frecuente. Para tranquilidad de la conciencia y por la merecida reputación de la Justicia Militar, es necesario se estudie detenidamente este caso que no considero lo suficiente claro para juzgar un delito, por el cual se pide una pena tan dura..."

(...) Estos hombres no son esos cerriles, que una vez envenenados por la canalla marxista hacen cuanto se le ordena y viene en gana sin reparar en meditar. Estos no son los borregos a que aludía en mi anterior defensa; estos son víctimas de los atropellos salvajes del marxismo; víctimas si, porque dirigiéndose a sus faenas agrícolas, han tenido la desgracia de encontrarse con ese camión cargado de tigres que les echaron la zarpa obligándoles a que se sumasen a ellos. Lo que a estos desgraciados les ha ocurrido podría igualmente ocurrirnos a todos los que nos encontramos en este Estado..."

Do delito de rebelión será responsable "en concepto de autor" o citado Hermo. Foi condenado o 14 de decembro de 1937, en Santiago, a reclusión perpetua, que logo lle será conmutada pola de sete anos de prisión maior. Saíu en liberdade o 29 de xuño de 1941.

Do delito de "auxilio a la rebelión militar" os procesados Andrés Vilanova García. Luciano Vázquez Somoza (a Marreiro) e José María Lorenzo Mirón (a Roxo), tamén de ideas marxistas, serán condenados a doce anos e un día de reclusión temporal, logo cambiada por tres anos e un mes de prisión menor. Foron encarcerados na Prisión Central de Astorga.

Nas declaracións diante do xuíz, un dos encausados, José María Lorenzo Mirón ("Roxo") alude a que logo de vir dunha leira, ao pasar pola Ponte Brea, José Saavedra (presidente do sindicato das minas de Lousame) ordenoulle montar nun camión que estaba alí estacionado, con dirección a Boiro, como se negou "le obrigaron a hacerlo el mencionado José Saavedra, Ricardo Vilas y un zapatero llamado Francisco (a) "Chiquelo", los tres sin armas. Al llegar a Boiro le entregaron una escopeta y siguieron en el repetido coche hasta el monte del Seán, en donde se apearon y al negarse el declarante a continuar con el grupo el Ricardo Vilas le dio una bofetada diciéndole que si no seguía con ellos lo mataban. Al llegar a la rectoral oyó los disparos

que se hicieron no pudiendo precisar quien los hizo (...) Que después tomó el camión en el monte y al llegar a Boiro le recogieron la escopeta y se marchó a su casa"

O 20 de xullo de 1937, o xuíz instrutor Andrés Benítez Guerra, solicita do comandante do posto da Garda Civil de Boiro, José Sánchez Castro, os antecedentes e participación que puidieran ter nos sucesos en cuestión os paisanos Ricardo Vilas, José Saavedra, Francisco Tubío Vicente (a "Chiquelo"), Nicolás Pérez, Vicente Silva e Antonio Martínez Ferreirós, todos eles desaparecidos dos seus domicilios a principios do Glorioso Movemento, "ignorándose sus paraderos, a excepción del Antonio Martínez, que según rumores fue detenido en Noya por aquella fecha, siendo todos ellos de pésimos antecedentes y destacados elementos marxistas; el Ricardo Vilas fue uno de los dirigentes de los grupos de registros de domicilios, interviniendo en la voladura del puente Beluso; José Saavedra García era presidente del sindicato de las minas de Lousame y dirigente de la voladura del mencionado puente; Francisco Tubío Vicente (a "Chiquelo") escopetero, dinamitero, autor de disparos a la fuerza del Ejército a la entrada en esta localidad, elemento peligroso y de acción, Nicolás Pérez Piñeiro, escopetero destacado, actuando en registros de domicilios, Vicente Silva Somoza, actuó de dirigente de los grupos que se dedicaban al registro de domicilios y recogida de armas y Antonio Martínez Ferreirós actuó como uno de los elementos de acción como escopetero y pistolero" (este último andivo agachado ata o mes de xuño de 1946, "en que se presentó voluntario a las Autoridades").

Os procesados deberán de comparecer ante o xuíz instrutor nun prazo de 48 horas, "bajo apercibimiento de que no haciéndolo serán declarados rebeldes", segundo requisitoria datada o 4 de agosto de 1937.

O 19 de agosto, o xuíz instrutor, visto que os procesados non foran "habidos a pesar de las gestiones practicadas, ni hayan comparecido" e que, publicada a requisitoria no BOE (con data 13 de agosto de 1937), non comparecerán "a pesar de haber cumplido el término que en dicha requisitoria se le marcaba para que compareciera", decreta a rebeldía de todos "interesando su busca y captura en todo tiempo".

O auditor de guerra, o 23 de novembro, aproba un "auto de procesamiento y rebeldía" dos citados, "suspendiéndose el curso de estas actuaciones contra los mismos hasta que se presenten o sean habidos".

Derrube dunha parte da Ponte Beluso

A "Chiquelo" tamén o culparon de estar na voadura desta ponte.

Segundo declara Juan Outeiral Outeiral, do 22 ao 23 de xullo, atopándose no Concello de Boiro, chegaron José Saavedra, Celestino Horta, José R. Quintáns, "Chiquelo" e Enrique (cuñado de Valeiras, de Cespón) e outros máis "dando cuenta al alcalde de haber destruido el Puente Veluso, situado en la carretera Padrón-Noya y participando que ya no podían pasar las fuerzas por dicho punto, quedando cortadas todas las comunicaciones, pues sabían por referencias que también quedaron inutilizados (los puentes) digo el puente de San Justo en la carretera de Noya a Santiago". Os que fabricaron as bombas no Concello de Boiro, para repartir entre os distintos sindicatos alí constituídos foron Vicente Silva Somoza e José Iglesias Peiteado, de Boiro, un tal Valentín fillo do pirotécnico de Escarabote e un fillo dun tal Miguel "el Besugo" de Cabo de Cruz. "La dinamita para la confección de las expresadas bombas las llevaron al Ayuntamiento (Manuel) Benigno Pena y Torresilla, los cuales manifestaron la habían requisado de los patronos de pesca de Cabo de Cruz. También oyó decir en el Ayuntamiento de Boiro que iba a Noya a por dinamita y a Lousame fueron con el mismo objeto José Benito Segade y José Martínez Virel (...) Que el día 22 o 23 estando el que declara en su casa se le acercaron el Saavedra, el "Chiquelo" y el Enrique con el fin de que le firmase unos avales para extraer gasolina en el surtidor del pueblo, a lo que el que dice se opuso, pero teniendo que transigir ante la amenaza que con pistolas le hicieron objeto".

Desta declaración sae mal parado Manuel Benigno Pena, de 51 anos, oficial canteiro, natural de Xanza-Valga, "elemento" destacado da Fronte Popular, membro da Sociedade "La Fraternidad" (UGT), concelleiro, e grande activista do socialismo. A raíz dos sucesos fuxe, permanecendo en paradiro descoñecido ata xullo de 1940, cando se presenta á Garda Civil de Boiro. A finais de 1941, nun consello de guerra é condenado a quince anos de reclusión temporal por ser autor "de un delito de auxilio a la rebelión"; pena que lle será conmutada por oito anos de prisión maior. Sae en liberdade o 23 de marzo de 1942.

Outros implicados son Marcial de Diego, os irmáns Felipe, Ramón e Victorino Somoza Rebolledo, Antonio Somoza Outeiral e Juan Outeiral Outeiral. Algúns deles xa foran executados en Santiago.

5. XANZA – VALGA

Andrés Dourado Ces "Quinote"

Nace en Rianxo o 5 de decembro de 1907, era fillo do mariñeiro Joaquín Dourado Patiño e Antonia Ces, coñecida por "a Crecha", con domicilio na rúa da Ribeiramar. De familia numerosa, tiveron entre outros descendentes a: Miguel (nado en 1900); Olegaria (1901. Casa o 24 de maio de 1921 co garda civil José Cebreiro); Manuel (1903. Casa en Padrón con Carmen Pajares); José Benito (1905) e Maruja (casada con Rubén González).



Andrés Dourado Ces "Quinote"

A súa familia rexentaba un estanco-taberna na vila, onde daban comidas.

A persoa que máis sabía dos sufrimentos de "Quinote" na cadea dos baixos do Concello, porque puido velos de cerca sendo unha rapaza, era Josefina Rodríguez Vicente. Con ela mantivemos unha entrevista, en agosto de 1998, na que nos relatou o suplicio que tivo que pasar antes de ser paseado.

Josefina contaba con quince anos cando lle foi levar á cadea un colchón e unha manta, así como unha tortilla de pataca para cear (o tenedor que levaba non llo deixaron pasar) por encargo da señora Antonia ("a Crecha"). Recordábanos que, neses intres, "Quinote" só pedía auga (chegou a beber dúas xerras) e estaba deitado sen poder moverse, cos pes encartados, porque tiña os osos partidos. Non ceou nada e vía moi pouco debido ás malleiras. Estaba máis morto que vivo: "tan mal o vin, que se tivéramos unha arma xa quedaba alí".

O xefe da Falanxe, o médico Ramón Fernández, "persoa falsa e vingativa", díxelle á "Crecha": "vaite que non pasa nada, e ívaia se pasou!". Os falanxistas e os gardas civís da propia vila sacárono esa noite coa intención de matalo. Cando chegaron á altura da casa do cuartel da Falanxe (case enfrente da Capela de Guadalupe) e a pouca distancia do cárcere do Concello, pararon para recibir ordes. Alí estaba Eduardo "O da Viñiña", quen ao velo preguntoulle se quería dicirlle algo, e o moribundo, unha vez que soubo que era el, calou; tan só exclamou polo baixo e con dificultades que non tiña nada que dicirlle. Ao amencer o seu corpo apareceu en Xanza, no quilómetro 95 da estrada Coruña-Pontevedra, sendo soterrado, sen ser recoñecido, no cemiterio de Carracedo, en Valga. Foi paseado na noite do 7 de setembro de 1936. Contaba con 29 anos.

En Rianxo coñecerase unha sentenza pronunciada por un garda civil (posiblemente Alarcón), dirixida a un falanxista da vila:

- "¡Si no le disparas, te disparo yo a ti!"

A veciñanza, cando aínda non soubera da súa morte, decatouse rapidamente da falta de “Quinóte”; xa non estaba no cárcere porque no Campo de Arriba non se oía carpir, nin tan sequera os seus lamentos. Os comentarios, “polo baixo”, espalláronse pola vila e, ao pouco, deuse a noticia de que o levaran. Deuna



"Quinóte" ao lado de súa nai, dona Antonia Ces "a Crecha".

a coñecer o mozo Rafael Arcos, “que andaba cos falanxistas”, afirmando ao mesmo tempo que o seu corpo aparecera morto en Santa María de Carracedo (Xanza-Valga). A señora Antonia “a Crecha”, ao sábelo, comezou a chorar e a queixarse dunha forma constante e, sinalando o corazón, dicía: “¡Eu non sei que teño aquí...! Co desgusto morreu do peito”,

A instancias de Ricardo Abuín (“o Ballote”), a rapaza Josefina foi ao cuartel da Garda Civil, onde había falanxistas sentados polos arredores e dous gardas civís na porta, con ánimo de falar co comandante do posto (seguramente Vicente Sánchez Peral, “que era boa persoa”, segundo ela) para recuperar o colchón de “Quinóte”, xa que no cárcere non llo quixeran dar sen a súa autorización; o citado comandante ao vela, preguntoulle qué desexaba, e cando lle explicou o motivo, enfadouse e, dando un golpe na mesa, dixo unha verdade: “Lo quitaron sin permiso mío y ahora para sacar el colchón quieren mi autorización ¿Cómo se entiende eso?”. Así era. A rapaza finalmente conseguiu o seu obxectivo e, nada máis vela os presos que quedaban no cárcere, puido decatarse de que algún comezou a chorar.

Outra testemuña, a recordada señora Ramona Rey, aportounos máis datos, incluso o “motivo” polo que os falanxistas se asañaran tanto con el, que aínda non mencionamos.

Segundo ela, Andrés o “Quinóte”, que estivera en América (era “bo moso, forte, de pelo negro e crecho, vestía ben, moi divertido...”) tiña o costume de saudar co puño en alto. Era frecuente velo acompañado dunha cadela, que el chamaba “Abisinia”, e ía ás mozas a Bamio e a Leiro.

Confirmounos que o “crucificaran” na cadea, e incluso lle romperán os brazos, entre outras atrocidades (no cárcere “despezárono, cortáronlle os seus membros e metéronllos na boca”, segundo outra testemuña, Teresa Otero Castela):

“El estaba encadeado e déronlle tantas malleiras que os seus gritos de dor oíanse no Campo da vila. As mulleres non foron en todo o día á fonte do Campo de Arriba para “non escoitar as penas dese mozo. Súa nai pasou polo transo de escoitar os lamentos do “fillo desde a rúa, sen poder valerlle, coa agravante de que os rapaces da Falanxe, os “balillas”, ante os choros da nai, encargáronse de dicirlle que calase, senón levaríana presa xunto do filio”.

Alarcón ¡cabrón! Doullas a Andrés o “da Crecha”...

“Quinóte” cometera un erro: un día que viña algo bebido dunha festa de Leiro (a onde ía con frecuencia, porque había unha moza, Nieves “a Ferreira”, que le gustaba) xunto co seu amigo Francisco González “o de Crisco”, foise meter cun falanxista de Brión ao tempo que lle cantaba “o Comunismo” (a “Internacional”). A iso, hai que engadirlle outros dous feitos na súa contra: o primeiro, que non era ben visto por un garda civil, e o segundo, que fora denunciado por un falanxista, porque “se lle puxera na cabeza, que quixera entrar na súa casa pola cheminea”, xa que alí aparecera, segundo o denunciante, un coitelo da súa propiedade, que llo regalara “o de Crisco”.

Josefina Rodríguez afirmounos:

“Quinóte tiña un coitelo parecido a un puñal co seu nome que llo fixera Francisco “o Crisco”. Dixeron que aparecera na cociña dunha veciña. Se estaba borracho, cando viña de Leiro, non puido subir aos tellados para que lle caera o coitelo alí, como se dixo. Claro, os falanxistas quitáranlle o coitelo e logo apareceu nesa cociña... A intención era clara: ter un motivo para culpalo”.

Afloraron no pobo os sentimentos máis baixos e ruíns: denuncias temerarias por axuste de contas, rancores, por ser de esquerdas, por non ir á misa, ou simplemente por agradarlle ao Rémixe. As vinganzas e humillacións dentro do cárcere, tamén: Francisco González “o de Crisco” foi encarcerado e

golpeado brutalmente; cando o soltaron saíu coa cara desfigurada. “Quinóte” non tivo esa sorte... Dous meses despois de ser paseado”, o secretario do xulgado municipal, Manuel Paz, tratou de saber máis do acontecido, recibindo a seguinte resposta:

“Noviembre 7/1936.

Amigo Paz: Recibí la tuya y revolví uno y otro Juzgado y del primera Justicia lo siguiente: Apareció en el kilómetro 95 de Coruña a Pontevedra, es desconocido, tenía el pelo rizo y estatura regular, fue enterrado el 8 de Septiembre en el cementerio de Carracedo.

No consta identidad más que eso, lo mismo que a otros muchos. No sé que ha de hacerse. Hay que esperar resoluciones.

Sin más J. Senlla”

“Pola casa “da Crecha”, situada na rúa do Medio, onde daban café no piso de arriba os domingos, e no de abaixo estaba a taberna e o estanco, pasaba un dos falanxistas case todos os días, despois do pasamento de “Quinóte”, a comentar que el non fora quen o matara ¡Qué ocorrencias...!. Curiosamente, a muller doutro falanxista, andaba a dicir que ela sempre vía a Andrés...”

6. SAA – MEIXIDE – PALAS DE REI

Sixto de Aguirre Garín

Nace en Rianxo o 1 de setembro de 1901. Nove días despois é bautizado polo presbítero Trasande Vicente (con licenza do crego Manuel Otero Mariño), cos nomes de Eulogio Domingo Sixto Juan e Santiago⁷. Fillo de Alejandro Nicolás de Aguirre del Río, oriúndo de Padrón, e Dolores Garín y Alquiza, de San Sebastián-Guipúzcoa. Avós paternos: Francisco Aguirre Teijelo, de Mondoñedo, e María Soledad del Río Manselle, de San Xoán de Laíño; maternos: Domingo Garín, de Lasarte, e Juana Alquiza, de Alza-Gulpúzcoa. Foron os seus padriños Justo e María Aguirre Garín, irmáns do bautizado “de esta vecindad” (de Rianxo).



Sixto de Aguirre Garín

Segundo Teresa Castelao:

“O pai estivera na Cañiza, e tiña un cargo que non recordo.

A nai morreu de repente. Outros fillos do matrimonio,

-Ramón, morreu na Fronte.

-Justo, médico en Rianxo (na casa da Menora e logo na de Encarnita). Casou cunha

pamplónica. Tiveron a Mercedes Aguirre...

-Felisa, casou en Laíño, con Ayaso.

Posuían moitos bens: En Rinlo, a casa de Asquete, a casa da Patola, a casa do Abisinio...

Tiñan unha tía rica: Eugenia de Aguirre, que vivía en Santiago (Rúa do Villar-Quintana).

Segundo Teresa Castelao, Sixto criouse con ela “e deulle a carreira...”

Residía en Santiago, onde estudaba medicina, cando podía achegábase ata Rianxo, principalmente nos veráns, onde era ben recibido polos amigos “artistas”. Se eses amigos o reclamaban para que lles solucionara algunha cuestión política, aquí estaba, como aconteceu en abril de 1931. Como temos indicado, nesa ocasión presentouse no Consistorio para, como delegado do gobernador civil, suspender á corporación municipal ao mando de José R. Rivela Rial, e nomear posteriormente unha *Comisión Xestora* que se encargaría da administración municipal mentres non se resolvera o oportuno expediente electoral motivado por queixas e reclamacións formuladas diante do gobernador civil.

⁷ Libro bautizados, 1899-1903, páxina 151. Arquivo parroquial de Rianxo.

“Acusando recibo de comunicación nº 258 de fecha de ayer, traído en mano por D. Sixto Aguirre Gorín substituyendo en la Delegación que V.E. le confirió al Presidente del Casino Republicano de Santiago D. Narciso Vidal Fraga”. “Tengo el honor de remitir V.E. la adjunta certificación de toma de posesión de la Comisión Gestora de este Ayuntamiento”.



Sixto de Aguirre (esquerda) con Manuel Rodríguez Castelao “Insua”.

Culpárono, en outubro 1934, de ser un dos que querían incendiar a igrexa parroquial e os edificios do cuartel da Garda Civil e do Concello. Estivera en Rianxo durante as Festas de Guadalupe (8 de setembro) e marchara o 12 de outubro, despois de “tomar os baños”, como tiña por costume. Detivérono en Imo-Dodro, na casa de súa tía, Eugenia de Aguirre. No rexistro da citada casa, efectuado polos gardas civís, non atoparon armas, pero si libros de diferentes ideoloxías.

Soltárono despois de sete días no cárcere de Santiago.

Volverá ingresar o 4 de novembro, esta vez por propalar “noticias falsas y tendenciosas en relación con el pasado movimiento revolucionario, alegrándose de los atentados de que fue víctima la fuerza pública y que el día siete del pasado mes profirió gritos subversivos”. Quince días despois sae en liberdade, como consecuencia do sobresemento da causa.

O propio Sixto cóntalle o acontecido a Rafael Dieste:

“Hemos sido objeto de una redada canallesca pero torpe. Al día siguiente de vuestra marcha (de Rianxo) se presentó en la aldea la Guardia Civil de Padrón procediendo a mi detención. Me llevaron a Rianxo en donde se encontraban ya detenidos los dos “Ballotes”, Los Ríales, un hijo de Arcos, Candidito y un marinero llamado Tubío (...). El atestado de la Guardia Civil estaba tan burdamente urdido que fue fácil para mí zafarme de la maniobra... Los compañeros aún siguen encarcelados desfilando los testigos. Nada menos que teníamos la intención de atacar el cuartel, quemar el Ayuntamiento y volar la iglesia, todo ello relleno con gritos subversivos excitando a la rebelión”⁸.

Cando se inicia a contenda civil, militaba en Esquerda Republicana. Unha vez tomado Santiago polos militares, comezaron as detencións de republicanos, nun número importante. Entre eles estaba Sixto, detido polos seus antecedentes políticos e por ter pertencido ao *Comité dos vinteún* (“formado no Consistorio de Compostela para defender a legalidade republicana), e por levar, xunto con outros: “cajones y paquetes que decían ser de dinamita y cartuchería (...) Que esta dinamita oyó decir que procedía de las minas de Noya”:

“Dice que vio entrar en el salón de la Alcaldía a don José Germán, a Fernando Barcía, a Celestino García, a Domínguez Caamaño, a Marcial Villamor y a Sixto de Aguirre y a Parrado, que vio a uno de los hermanos Pasín, empleados en las Aguas de esta ciudad, también en dicho salón. Que las órdenes salían del interior del salón y no puede precisar quienes eran los que la daban”⁹.

⁸ Comoxo, Xosé-Santos, Xesús, “Saude e República, Rianxo 1930-1936. Política e Sociedade”, páxina 294. Edición do Concello de Rianxo.

⁹ Texto que forma parte da declaración do empregado municipal de Santiago, Pedro Rodríguez. Outro empregado municipal, Santiago Ramos Ugidos, declara o 7 de agosto ante a xusticia militar, “que estuvo en servicio en el ayuntamiento los días diez y ocho, diez y nueve y veinte. En los salones de la Alcaldía se reunía el llamado Comité de los veintiuno presidido, a juicio del declarante por Barcía; entre sus componentes recuerda a Marcial Villamor, Modesto Pasín, Luís Rastrollo, Fernando Domínguez Caamaño y Sixto Aguirre. Que en una ocasión vio entrar en el ayuntamiento cajones de dinamita, la cual depositaron en las oficinas de Fomento, y en un momento que subió allí, vio como dos individuos que supone mineros de Noya andaban manipulando con ella, suponiendo que estaban haciendo bombas... (Luís Lamela. 1936, la “cruzada” en Compostela..., páxina 82)

Do cárcere dos baixos de Raxoi, foi sacado unha noite, xunto co pintor Díaz Baliño, por un grupo de falanxistas. Os seus corpos apareceron sen vida na mañá do 14 de agosto de 1936, cerca do lugar de Saa, parroquia de Meixide (Palas de Rei).

7. BOISACA – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ramón Lojo Agrelo

Natural de Boiro e veciño de Taragoña desde 1932, unha vez que casa con María Concepción Saborido Brea (filla de Manuel Saborido e Elena Brea, do Cruceiro). Labrador, de 31 anos. Dirixente da Sociedade Agraria *La Fraternidad*. Apresado pola súa actividade sindicalista e por pertencer a grupos que recompilaron armas en defensa da República. Foi fusilados en Boisaca-Santiago o 23 de febreiro de 1937, xunto a seis veciños de Boiro e Escarabote

8. NO FRENTE NO BANDOS NACIONAL

Juan Alcalde Rodríguez

Debemos inserir nesta lista de paseados a dous mozos, Juan Alcalde Rodríguez, de Rianxo, de 22 anos e solteiro; e José Benito Castro Castaño, de Asados, casado con Ramona Rial e con catro fillos mol novos. Enrolados no bando nacional, morren ou desaparecen de de forma estraña.

No caso de Juan Alcalde fol asasinado ferozmente por un dos seus xefes militares, o tenente do Batallón, Eduardo de la Iglesia (que pagará “a súa valentía” na División Azul, onde fai abatido polos tiros “dos rusos”, sendo capitán). Os feitos tiveron lugar no pobo de Bezas, a poucos quilómetros de Teruel, en novembro de 1938.

Viñera á casa de permiso e, no seu regreso á Fronte, levou con el a súa cartilla da Mariña. Tivo a mala idea de comentar cos compañeiros, entres os que se atopaba un falanxista da Illa de Arousa, que calquera día escaparía xunto do seu irmán (enrolado no barco Méndez Núñez, da armada republicana). Do dito, advertiron ao tenente, quen o mandou chamar. Sacouno fóra da trincheira e deulle catro tiros, “serían as dez da mañá”, deixándoo moi mal ferido, “sangraba pola cara”. Así e todo, arrastrouse uns catrocentos metros e deu chegado, dúas horas máis tarde, ao aramado onde estaban os seus compañeiros, no seu afán de pedir auxilio. De novo foi xunto del o tenente asasino, e ao pouco, colleu un piquete de fusileiros para que o remataran.



Antigo cemiterio de Bezas (Teruel), onde enterraron a Juan Alcalde.


Todo foi presenciado por uns mozos de Rianxo, como Manuel Lens e Juan Miguéns Otero, que non puideron facer nada por evitar esa desgraza.

Está enterrado no cemiterio de Bezas, “sen caixón, coas botas postas, sen responsos e sen un triste ramo de flores”.

José Benito Castro Castaño

As circunstancias da morte de José Benito Castro Castaño, están moi confusas. Os familiares o único que saben é que desapareceu durante a guerra. Chegáronlles rumores de que se pasara ao bando “dos roxos”, incluso que o viran en Francia ao remate da contenda. Nada certo. Sempre pensaron que se morrera no campo de batalla o léxico sería que tiveran noticias ao respecto; non foi así. O que máis os inquietou foron as constantes visitas á súa casa por parte da Garda Civil, para inquirir noticias del e saber do seu paradiro.

Non hai constancia, pero puido ter fuxido ao bando contrario, onde encontraría a morte loitando contra os *nacionais*.



8 Octubre 1936. Afirmación de dos cadáveres, que en vida pertenecieron a los hermanos José y Juan Benito Romero Páez, de 24 y 20 años respectivamente, solteros, marineros naturales de la parroquia de Lampión (dijo Lampión y Nuevo de Escarabote - Boix). Dichos cadáveres aparecieron en el kilómetro 18- dentro 8º de la carretera General de Padrón a la Puebla, y a la distancia de esta como unos ochocientos metros el día 8 de Octubre de 1936.

Rabunho rexeita está con Xesús Santos.¹⁰

29 de novembro de 2020 ·

.-, CONDENADO A VINTE ANOS DE PRISIÓN, CONMUTADA A TRES ANOS E CINCO MESES.

- Naceu e viviu na aldea da Capela (O Araño), ata que se casou en Bealo onde pasou a vivir coa súa dona, era fillo de Manuel Romero Agrasar (O Navallas), e de Luísa Rial Bures, naceu o 24 de Outubro de 1911, no momento que foi Xulgado e sentenciado (27 de Xullo do 37), tiña 27 anos e dúas crianzas, un neno e unha nena, de 4 e 2 anos de idade.
- Foi detido en Santiago, por dous garda civís nun casa da rúa de Belvis, na casa de María Lence Mariño, onde levaba un mes escondido dende que fora o levantamento Nacional, despois de haber estado vivindo antes en Santiago, tamén na casa da súa irma Concepción Romero Rial, cando lle preguntaron por que andaba fugado contestoulles que o traballar de Mineiro nas minas de Lousame tiña medo a ser castigado.
- Os feitos que se lle atribúen ocorreron na segunda quincena de Xullo de 1936, eran a voadura da Ponte Beluso ("en compañía de sus convecinos Celestino Horta y José Saavedra), para que non pasaran as tropas do exercito de Artillería que viñan de Noia, pero el díxolles que despois de haber estado traballando nos meses de Abril, Maio, e Xuño do 36 nas minas de Lousame deixou este traballo e dedicouse a faenas mariñeiras e que cando comezaron os actos revolucionarios na comarca e voaron a ponte, el atopábase faenando nas leiras coa súa dona, tamén a súa implicación no asalto a o local da Juventud Católica de Noia, o asalto en compañía de varios mineiros ao cura de Vilacoba ("como a las primeras llamadas no franqueasen la puerta, asaltaron la muralla que circunda dicha finca haciendo varios disparos, siendo uno de los más significados en estos hechos"), e asaltar xunto a un grupo a casa do médico de Boiro, Begnino López, causa, xunto a rebelión civil, pola que foi condenado a 20 anos de prisión.
- O xuíz militar , remata as dilixencias o 16 de Xullo de 1937, e falla, o 27 de Xullo de 1937,, na sentenza da causa 342-1937, na Praza de Santiago de Compostela, no consello de guerra ordinario contra el, María Lence Mariño e Andrés Carballo(estes dous foron absoltos), e condenan a Jose Romero Rial (o Navallas) a vinte anos de reclusión temporal, di a sentenza: Resultando que el procesado en está causa José Romero Rial, elemento marxista , considerado peligroso, por los informes que obran en autos, intervino en el movimiento revolucionario, auxiliando a los revoltosos al integrar a un grupo que asalto la casa del médico de Boiro, Begnino López, hechos que el Consejo estima probados, son constitutivos de un delito de auxilio a la rebelión, previsto y penado en el articulo doscientos cuarenta del Código de Justicia Militar, fallamos que debemos condenar a José Romero Rial, a la pena de veinte años de reclusión temporal con las accesorias correspondientes, siendole de abono el total, de la prisión preventiva sufrida. Así por está nuestra sentencia , lo pronunciamos ,mandamos y firmamos, por unanimidad en está causa, Manuel Rueda de Andrés, Angel Orejes, Juan Parga Pondal, José Cancelo, Gumersindo Llopis, Candido....
- Foi ingresado na cadea o 13 de marzo de 1937, sendo sentenciado por Consello de Guerra de Santiago de Compostela, por o delito de rebelión militar, a vinte anos de reclusión temporal, sendo a sentenza conmutada por tres anos e cinco meses, trasladado a Prisión Central de Astorga o 13 de Marzo de 1939 (ingreso en está prisión procedente de la Preventiva de Santiago de Compostela).
- 20 de Xaneiro de 1940.-, " En vista de su aptitud ejemplar y buen comportamiento, este recluso, desempeña habitualmente el destino de Cabo del Grupo de Aglomeración.
- 1 de Febreiro de 1940.-, "José Romero Rial declara bajo juramento (en prisión) no haber pertenecido a ninguna logia masónica ni organización secreta.
- 3 de Setembro de 1940.- " Este recluso es puesto hoy en libertad para constituirse en prisión atenuada, en su domicilio en virtud de orden del Capitán General de la octava Región, fecha de ayer , recibida hoy, que se une al expediente de Ricardo Veiga Fuentes, quedando enterado de las obligaciones, a cumplir en tal situación, y fija su domicilio, en Boiro , PUENTE VELUSO, (LA


¹⁰ https://www.facebook.com/permalink.php?id=308320932611714&story_fbid=3353269278116849

CORUÑA), SE PARTICIPA CUMPLIMIENTO POR TELEGRAFO A DICHA AUTORIDAD Y SE REMITE LA TRIPLICADA AL REGISTRO INDICE Y MODIFICACIONES AL FISIOTÉCNICO


- En Novembro de 1941.-, dende a a alcaldía do Concello de Boiro,envíanselle, dous certificados a Prisión Central de Astorga, de liberación definitiva de José Romero Rial," una vez firmados por el interesado ante mi presencia, y estampar las huellas dactilares, quedando un ejemplar para archivo en el ayuntamiento y entregado otro al mismo, Boiro 13 de Noviembre de 1941.
- Tivo unha morte desafortunada, pois chocou con un home cando viña na súa bicicleta e batendo coa cabeza nunha pedra.



El Ideal Gallego jueves 29 de Julio de 1937 (pág 3)



Os Irmáns insua¹¹



2. FÉLIX MURIEL (RAFAEL DIESTE): "UNHA MORTE LANZAL"

No linde da liberdade
Unha morte lanzal

Veu nos xornales a notiza, enxoi e breve.

Na madrugada do 23 d'Abril foron sacados d'un bou, disposto para zarpas de Vigo, os cadáveres de nove homes e unha muller moza.

Nove estaban feridos na sen esquerda. Un, o que debeu matar aos outros por acordo de todos, suicidárase e tiña a ferida na sen dereita.

Aqueles nove homes e aquela moza, casada de pouco tempo con un d'eles, tiñanse ocultado no bou para fuxir —despois de moitos meses de esquivaren a teimosa persecución feixista. Eran de distintos partidos. Foron delatados —dín os xornales— por un tripulante. Os feixistas arrimaron un barco alxibe do porto e asolagaron a bodega do bou. Primeiro con auga fría. Despois con auga fervente. Os acosados non saían... Ouvíronse uns disparos...

O mozo recén casado chamábase Nogueira. Dos outros nomes sábense dous que alongaron o noso estremecimento, e acurtaron de súbito a distancia —xa brevísima— entre o noso espírito i-a traxedia: Manuel Rodríguez Castelao; José Losada Castelao; curmáns d'Alfonso... —dous dos rapaces máis puros da nosa terra.

D'aquela foi cando os nosos ollos, abertos ao recordo, recibiron n'un lóstrego prolongado toda a presenza d'aquel amanhecer. Esquencemos a morte de todos aqueles homes, d'aquela moza, e todo nos pareceu ilusorio menos o intre de ledicia, cara á liberdade, que sentían aquela noite, mentras o mar, vindo de lonxe, acariñaba o mar, e á volta d'unha esquina d'unha cidá das nosas, viñan ao noso encontro cos brazos abertos... Moito tempo, aínda sen querer saber que xa sabíamos a morte, estivemos a repetir os nomes coñecidos, resucitando a mesma infancia que viviron con nós —e que tan nosa

era como d'eles... Así estivemos, a rescatalos, dándolles paso pol-a nosa lembranza cara á eternidade... E vimos que pasaban, que xa non saían ledamente ao noso encontro en calquera cidade. E filtrouse en nós, como un albor de lua, o degoro d'ir con eles, e con todol-os homes xenerosos da nosa terra que xa van alá...

Mais algo enche de luz a nosa door. E fai xurdir no medio d'ela un grito de orgullo, case un aturuxo: ¡Non se entregaron ás poutas li-xentas! Non se entregaron, viron uns nos ollos dos outros unha diáfanidade ausoluta e entregáronse á morte virxen en compañía, como ao ceo da noite. Cada tiro unha estrela. E hai que admirar ao executor, ao que quedou para o remate, sen que vacilase a fé —d'el e dos outros— na súa sagra firmeza. ¿Cando foron mais irmáns nove homes e unha muller?

Esa fraternidade no lindeiro decisivo, ese acordo perfecto, esa inmensa seriedade do voso espírito n'ese intre, fai para sempre locinte i exemplar a vosa morte. ¡Sí, compañeiros, vindes, agora mais que nunca, ao noso encontro!

Félix Muriel

[Nova Galiza. Boletín quincenal dos escritores galegos antifeixistas, Barcelona, n.º 5, 15-6-1937]

Bibliografía

- ¹¹ <http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/18656-ultimo-gran-martirio-republicanos-galegos-vigo>
https://ddd.uab.cat/pub/ppc/govgalCCP/govgalCCP_a197X.pdf
https://issuu.com/conselloculturagalega/docs/guerracivil_literatura/81

-
- Comoxo Rodríguez, Xosé; Santos Suárez, Xesús, Rianxo na súa historia: Consecuencias da guerra civil (1936-1939), Editorial: Deputación a Coruña, 2010
 - Costa Rodil, Xesús e Santos Suárez, Xesús, Do Sar ao Monte Louro. Memorial da represión (1936-1950), Deputación da Coruña, 2019
 - Brea Rei, Xosé Ramón, Taragoña na historia, 90 aniversario da escola Rosalía de Castro, Deputación da Coruña, 2021.